

# GUÍA DE SERVIZOS

PARA COLEXIADAS/OS  
E AMIGAS/OS  
DO CEESG





Nesta guía defínense os diferentes servizos aos que se pode acceder sendo colexiada/o ou amiga/o do Ceesg. Sen embargo, formar parte do colexio é moito máis que obter unha serie de beneficios; é participar do esforzo colectivo na loita pola dignificación, recoñecemento e regulación da profesión de Educación Social, pois o Ceesg é ante todo un **espazo de encontro para a construción, o crecemento, o avance e a defensa da nosa profesión.**

## **Quen pode ser colexiada/o do Ceesg?**

Calquera persoa que teña a titulación universitaria de Educación Social ou que estivera colexiada/o nalgún colexio profesional de educación social doutra comunidade autónoma.

## **Quen pode ser amiga/o do Ceesg?**

Calquera estudante universitaria/o de Educación Social.

**Ceesg, 2018**



# O Ceesg está contigo para:

Defender os teus intereses, acompañarte e orientarte no teu desenvolvemento profesional.

Servizos de información e asesoramento profesional

Informarte de toda a actualidade da profesión e das actuacións do propio colexio.

Servizos virtuais na Rede 2.0

Acompañarte na túa inserción laboral e no teu desenvolvemento profesional.

Servizos de Formación e Desenvolvemento Profesional

# Listaxe de servizos do Ceesg

Servizos de información e asesoramento profesional

Asesoramento xurídico | Atención colexial | Avisos en liña | Biblioteca | Ética e benestar profesional | Emprego | Publicacións | PICs

Servizos virtuais na Rede 2.0

Correo-e | Páxina web | Redes sociais

Servizos de Formación e Desenvolvemento Profesional

Cursos | Descontos e promocións | Grupos de Traballo | Listaxe de peritaxe xudicial | Préstamo de local e recursos | Seguro de Responsabilidade Civil Profesional

# Servizos de información e asesoramento profesional



## Asesoramento xurídico

O gabinete xurídico do Ceesg ofrece asesoramento ás persoas colexiadas en calquera materia. A primeira consulta, de orientación, será gratuíta. No caso de necesitar un traballo en maior profundidade, o gabinete aplicará prezos reducidos polas seguintes consultas de asesoramento xurídico.

### *Como solicitalo:*

O servizo xurídico atende baixo cita previa na sede do Ceesg. Para solicitar cita, contacta co colexio no correo-e [ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org), expoñendo a consulta e enviando a documentación que poida servir para estudo previo do caso. Contactaremos contigo coa maior brevidade posible.



# Atención colexial

As traballadoras do colexio asesorarante nas túas dúbidas sobre a profesión e sobre calquera cuestión relacionada co funcionamento do colexio.

## ***Como solicitalo:***

Podes dirixirte ao colexio a través do correo-e [ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org).

## Avisos en liña

Recibe no teu correo-e toda a información de actualidade do Ceesg e da Educación Social.

### ***Como solicitalo:***

O servizo ofrécese a todo o colectivo de colexiadas/os e amigas/os do Ceesg, sen necesidade de solicitalo.

## Biblioteca - Hemeroteca

O Ceesg conta cun fondo bibliográfico centrado en diversas temáticas sobre a Educación Social e clasificado por ámbitos de traballo.

Dispón de servizo de préstamo. Para as persoas que residan fóra de Santiago hai a opción de préstamo por correo certificado, de xeito que o Ceesg asume o gasto do envío e a persoa que solicita o servizo asume o gasto da devolución.

### ***Como solicitalo:***

Existe un regulamento para os préstamos, que pode consultarse na web (número máximo de préstamos ao mesmo tempo, duración, etc.) Tanto o regulamento como o catálogo de publicacións están dispoñibles na páxina web do Ceesg.

# Comisión Ética e de Benestar Profesional

Tendo como base o Código Deontolóxico da educadora e do educador social, a comisión dará resposta a aquelas dúbidas de carácter ético que se presenten no noso quefacer profesional.

A Comisión está formada por varias persoas do eido profesional e académico con especial interese e traxectoria neste tema.

## ***Como solicitalo:***

As consultas deben ser enviadas por correo-e a [ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org). Dende alí derivaranse á Comisión, que trasladará unha resposta tamén por este medio.

## Información sobre emprego

Servizo en liña a través do que se canalizan as ofertas de emprego para as Educadoras e Educadores Sociais ofrecidas por diversas entidades, ben porque contactan directamente co colexio para solicitar profesionais, ben por tratarse de ofertas feitas públicas por outros medios.

### ***Como solicitalo:***

O servizo está dispoñible na páxina web [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal), na área de acceso privado.

O Ceesg edita dúas publicacións de xeito periódico:

- Revista **Galeduso**: Monográfico centrado nalgún ámbito ou temática da Educación Social, co obxectivo de divulgar as contribucións da Educación Social á sociedade.
- **Boletín do Ceesg**: Ten formato dixital e diríxese a colexiadas/os e amigas/os fundamentalmente, achegando información sobre actualidade profesional, formación, actuacións do colexio, etc.

A parte destas publicacións periódicas, tamén se editan outras de contido relacionado coa profesión, como material divulgativo, actas de xornadas de formación, premios, etc.

## **Como solicitalo:**

É un servizo básico que reciben todas as colexiadas/os. Tamén poden consultarse a través da páxina web do colexio.

Calquera persoa pode colaborar enviando artigos e propostas.

## Puntos de Información Colexial

Espazo de referencia ubicado nas diferentes Universidades galegas onde se imparte educación social, para achegar de xeito áxil e próximo a información da Educación Social e as actuacións do Ceesg ao alumnado. Este espazo está dinamizado por estudantes de educación social, que co apoio do Ceesg, tamén organizan actividades de promoción da profesión.

### *Como solicitalo:*

É un servizo básico presente nas Universidades. Para colaborar como dinamizador/a do PIC, hai que formalizar a amizade co colexio (a cota de amizade será gratuíta, como compensación). Contacta co Ceesg e informante do procedemento.

# Servizos virtuais na rede 2.0





## Correo-e

Toda persoa que integra o Ceesg pode ter unha conta de correo electrónico no dominio ceesg.org, sen publicidade.

A estrutura sería a seguinte: nome.apelido.apelido@ceesg.org.

### ***Como solicitalo:***

Solicítase a través da área privada da web.

A nosa web [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal) reúne todas as novas de actualidade relacionadas coa Educación Social e a información de todas as accións levadas a cabo polo colexio. Conta cunha área restrinxida a colexiadas/os, con información exclusiva.

### *Como solicitalo:*

Rexistrándote na web [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal) a través do formulario correspondente. Unha vez comprobada a veracidade da túa colexiación, habilitarase o acceso.

## Redes sociais

Estamos en facebook e twitter, as redes sociais máis populares. Canles para a comunicación de noticias e actividades relacionadas coa educación social, como un espazo máis de relación entre as educadoras/es sociais e o colexio.

### *Como solicitalo:*

Atópanos en facebook como Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia ([www.facebook.com/ceesg](http://www.facebook.com/ceesg)) e en twitter como @Galedusoceesg.

# Servicios de formación e desenvolvemento profesional



## Accións formativas

O Ceesg, comprometido coa formación permanente e a reciclaxe profesional, deseña anualmente un plan formativo que pretende dar resposta ás demandas e necesidades identificadas no amplo campo da Educación Social.

As cotas de inscrición da oferta formativa do colexio resultan máis favorables para as colexiadas e colexiados.

### *Como solicitalo:*

Inscrición segundo o caso.

Calquera persoa colexiada ou amiga do Ceesg pode realizar suxestións e propostas formativas ao colexio.

## Descontos e promocións

Condicións vantaxosas para colexiadas/os e/ou amigas/os ofrecidas por entidades de servizos diversos.

### *Como solicitalo:*

O proceso establecerá en cada caso a entidade que fai a promoción.

Na web do colexio atoparás unha listaxe completa e actualizada dos descontos e promocións en vixencia, onde se indican as condicións específicas para colexiadas/os ou amigas/os do Ceesg.

# Grupos de traballo

Un Grupo de Traballo é unha agrupación voluntaria de colexiadas/os do Ceesg que, tendo como interese común un ámbito de traballo concreto da Educación Social, traballan para a promoción, desenvolvemento e mellora do mesmo, en colaboración co colexio. A día de hoxe existen os seguintes Grupos de Traballo:

- Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica, **Geix**.
- Grupo de Traballo en Igualdade, **Fiadeiras**.
- Intervención Socioeducativa con Infancia e Adolescencia, **Escaravellando**.
- Intervención Socioeducativa con Familias, **aBeira**.
- Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental, **A Eira do Ceesg**.
- Diversidade Funcional, Ceesg en **Diverdade**.
- Saúde, **Miolo**.

## **Como solicitaro:**

Contacta co colexio para comunicar en que grupo che gustaría participar. Poñerante en contacto directo coa persoa coordinadora do Grupo, que che explicará o traballo e dinámica do mesmo.

Tamén podes propoñer a creación de novos grupos que poidan ser de interese para a profesión.

## Listaxe de peritas/os

A Lei de Axuizamento Civil ordena aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional civil que soliciten cada ano aos Colexios Profesionais o envío dunha listaxe de colexiadas/os dispostas/os a actuar como peritas/os xudiciais.

Para a confección desta listaxe, o Ceesg aprobou un regulamento que está a disposición das colexiadas e colexiados na páxina web do colexio.

### ***Como solicitalo:***

A solicitude pode formularse no prazo que o Ceesg estipule, sempre cara final de ano, para confeccionar a listaxe que estará en vigor no ano seguinte.

No regulamento, que pode consultarse na web, indícase con detalle o procedemento de solicitude.



## Préstamo do local e recursos do colexio

Queremos que a sede do Ceesg se converta nun espazo aberto e de encontro para a Educación Social, onde desenvolver non só as tarefas do quefacer cotián do Colexio, senón que tamén albergue as actividades de persoas colexiadas que precisen deste espazo e dos recursos dos que dispoñemos (proxector, ordenador portátil, papelógrafo/encerado).

### *Como solicitalo:*

Cumprimentando o formulario ao efecto que está dispoñible na web.

Existe un regulamento de cesión de espazos e recursos que tamén pode consultarse na mesma sección da web.

Segundo o horario da cesión das instalacións, este servizo podería levar aparellado un custo económico.

## Seguro de Responsabilidade Civil Profesional

O Ceesg ofrece unha póliza que asegura a Responsabilidade Civil Profesional derivada do exercicio da Educación Social, para o caso de que causemos algún tipo de dano nas persoas coas que traballamos ou nos seus bens. Nesta circunstancia, a compañía aseguradora asumirá o custo de defensa e, no seu caso, da cantidade á que se condene por calquera demanda da que sexamos obxecto.

### *Como solicitalo:*

Na web podes consultar as condicións particulares do seguro e descargar o impreso de solicitude que debe presentarse ao Ceesg.





Rúa Lisboa, 20, baixo C  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 981552206 | F. 981938274  
[ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org) | [ceesg.gal](http://ceesg.gal)

**Sabadell**  
Professional

